

Obradoiro: CONTABILIDADE COOPERATIVA NIVEL PRO. SUPOSTOS PRÁCTICOS

[En colaboración coa Rede Eusumo]

DATAS REALIZACIÓN	12 ao 31 de maio	DURACIÓN	20 horas
HORARIO	Celebraranse catro sesións virtuais de aprendizaxe os días <u>12, 19, 26 e 31 de maio</u> en horario de 11:00 a 12:30 hs. A persoa titora estará dispoñible no seguinte horario de luns a venres de 16:00 a 17:00 hs.		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Plataforma de teleformación da Unión de Cooperativas Espazocoop http://aulaespazocoop.com		
PERSOA DE CONTACTO	Patane García Méndez	teléfono	881 887 456 / 697 877 773

PARA INSCRIBIRSE [PREMA AQUÍ](#)

OBXECTIVOS

- Entender que é e para que serve a contabilidade nun proxecto cooperativo.
- Coñecer o proceso contable e a súa relación co resto de ámbitos da empresa cooperativa para a toma de decisións.
- Capacitar as persoas socias e asalariadas das cooperativas no emprego das ferramentas contables.
- Interpretar os principais estados financeiros e coñecer ferramentas e recursos de apoio na xestión contable.

PROGRAMA

Tema 1. A estrutura xeral contable

Tema 2. O tratamento dos fondos propios e específicos nas cooperativas de traballo.

Tema 3. A conta de perdas e gaños e a distribución de resultados.

Tema 4. Fiscalidade cooperativa.

CONTIDOS

Tema 1.- Presentación de Espazocoop e a Rede Eusumo. Introducción e contextualización. Visión xeral e estrutura do marco contable. Normativa contable e especificidades. Casos prácticos

Tema 2.- O modelo do pasivo no balance de situación. Delimitación dos fondos propios nas cooperativas de traballo asociado: capital, pasivo financeiro, fondos de reserva, novas achegas e reembolsos. Casos prácticos

Tema 3.- Concepto de resultados de perdas e gaños. Estrutura da conta de perdas e gaños. Información específica a incorporar na memoria. Modelos de balances da conta de perdas e gaños. Casos prácticos.

Tema 4.- Fiscalidade cooperativa. O imposto de sociedades. Cooperativa protexida e especialmente protexida. Avaliación do obradoiro.

METODOLOGÍA

Activa e participativa coa utilización de medios audiovisuais e actividades prácticas de reflexión e debate. O alumnado terá ao seu dispoñer, na plataforma de teleformación, os materiais do curso para o seu estudo, amáis de material complementario que se lles fará chegar a través do foro do curso. Realizaranse dúas sesións virtuais de aprendizaxe coas que reforzar, de xeito síncrono, a relación e traballo colaborativo. As tarefas dispostas na plataforma servirán para facer unha avaliación do aproveitamento do alumnado participante. As canles de comunicación entre o equipo titorial e o alumnado será: o servizo de foros e mensaxería interna da plataforma, o correo electrónico, o teléfono e a sala de videoconferencias do curso para a realización das titorías virtuais e as sesións virtuais de aprendizaxe.

Realizaranse dúas sesións virtuais de aprendizaxe no de inicio e finalización do curso. As persoas que non poidan participar nelas terán que realizar unha actividade complementaria para completar o curso.

DIRIXIDO A

Pessoas cun proxecto de emprendemento cooperativo e que están a poñer en marcha unha empresa, interesadas en facelo ou integradas nunha con poucos coñecementos da xestión contable . Composición do grupo: mínimo 10 persoas e máximo 20.



Esta actividad encádrase na Programación da Rede Eusumo 2021 A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo y Economía Social.